

A MORTE DE NINGUÉN (O ENIGMA DE HEINZ CHES)

peso previsto. O director da compañía, Albert Boadella, foi xulgado na transición democrática por un tribunal militar que o condenou ao cárcere e provocou o seu exilio.

O documental é unha valiosa radiografía dos últimos anos do franquismo. Nel interveñen personaxes coma os xornalistas José Luis Martín Prieto e Manuel Campo Vidal; a familia de Ches: irmáns, compañeira e fillos; o seu avogado Jordi Salvá, o historiador Juan eslava Galán, o escritor Manuel Vázquez

Montalbán e o actor e dramaturgo Albert Boadella entre outros. RESULTAN arrepiantes algunhas declaracións coma as dun exministro de xustiza do franquismo que xustifica o feitos e quítalles importancia cunha naturalidade pasmosa.

Sacar aos mortos coma estes do esquecemento supón a recuperación da nosa memoria histórica, que nos fai entender mellor o presente e reformulalo dende outras perspectivas. A vista deste documental permítenos, pois, unha nova lectura de frases



tan cacarexadas ultimamente coma "a traizón aos mortos" coa que acusan certos políticos desmemoriados do noso pasado aos que intentan negociar a paz presente.

Colectivo Antiamnesia

A MAN QUE ARROLA O BERCE



Título orixinal: «The Hand That Rocks the Cradle»

País: EE.UU.

Ano: (1992)

Duración: 105'

Director: Curtis Hanson

Actores: Annabella Sciora, Rebecca De Mornay, Matt McCoy

Esta é unha película estadounidense de Curtis Hanson e que foi estreada nos cines en 1992. A pesar de ser de intriga, non é recomendada para menores de trece anos e a súa duración é de aproximadamente 110 minutos.

Nela relátase a historia de Peyton Flandes, unha muller que, tras perder o seu marido e o seu fillo, decide vingarse de Claire Bartel ao que acusa de toda a súa desgraza.

Tras conseguir introducirse como neneira na familia Baertel, un matrimonio con dous fillos que aceptan a Peyton

como unha muller bondadosa e servizal, pon en marcha un terrible plan que ameazará con destruír a vida de Claire. Un diminuído psíquico que traballa para a familia, observa algo raro sobre Peyton, pero ninguén termina por crelo e acaba sendo despedido; sen embargo, é el máis tarde quen saca a familia de apuros e descobre que a encantadora neneira esconde algo máis.

Rosa Cabado Miguélez. B1A